XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Erasmus+

CEE PONTEVEDRA

Avda. Montecelo, 16 36161Pontevedra
Teléf.: 986 804 135 Ext. 41187/8
Fax: 986 861 413
www.edu.xunta.es/centros/ceepontevedra
cee.pontevedra@edu.xunta.es

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

PROGRAMA FORMATIVO XARDINARÍA

Curso: 2025-2026

XUNTA DE GALICIA | CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES

Esta programación, conforme a orde do 22 de xullo de 1997 e o Decreto 374/96, foi consensuada en Claustro e posteriormente avaliada e aprobada no Consello Escolar do MARTES 28 de outubro de 2025

Avda. Montecelo, 16 36161Pontevedra
Teléf.: 986 804 135 Ext. 41187/8
Fax: 986 861 413
www.edu.xunta.es/centros/ceepontevedra
cee.pontevedra@edu.xunta.es

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

PROGRAMA FORMATIVO DE XARDINARÍA E VIVEIRISMO

GRUPO N

1. INTRODUCCIÓN

2. NORMATIVA APLICABLE.

3. ADAPTACIÓN DO PROGRAMA AO CONTEXTO SOCIO-LABORAL E CULTURAL DO ENTORNO E ÁS CARACTERÍSTICAS DO ALUMNADO.

3.1.- Características do centro e do seu contorno.

3.2.- Perfil do alumnado.

4. COMPETENCIA XERAL DO PF.

5. OBXECTIVOS DO PF.

6. COMPETENCIAS PROFESIONAIS, PERSOAIS E SOCIAIS DO PF

7. CUALIFICACIÓN PROFESIONAL E UNIDADES DE COMPETENCIA

8. RESULTADOS DE APRENDIZAXE E CRITERIOS DE AVALIACIÓN DE CADA UN DOS MÓDULOS.

8.1.Módulo Profesional: Operacións básicas de produción e mantemento de plantas en viveiros e centros de xardinaría. Código: 3053.

8.2 Módulo Profesional: Operacións básicas en instalación de xardíns, parques e zonas verdes. Código: 3055.

8.3. Módulo Profesional: Operacións básicas para o mantemento de xardíns, parques e zonas verdes. Código: 3056.

8.4. Módulo profesional: Itinerario persoal para a empregabilidade. Código: 3159.

8.5. Prácticas en empresa

8.6. Módulo Profesional: Comunicación e ciencias sociais I. Código: 3161.

8.7. Módulo Profesional: Ciencias aplicadas I. Código: 3163.

9. CONTIDOS BÁSICOS.

9.1 Módulo Profesional: Operacións básicas de produción e mantemento de plantas en viveiros e centros de xardinaría. Código: 3053.

9.2 Módulo Profesional: Operacións básicas en instalación de xardíns, parques e zonas verdes. Código: 3055.

Avda. Montecelo, 16 36161Pontevedra
Teléf.: 986 804 135 Ext. 41187/8
Fax: 986 861 413
www.edu.xunta.es/centros/ceepontevedra
cee.pontevedra@edu.xunta.es

9.3. Módulo Profesional: Operacións básicas para o mantemento de xardíns, parques e zonas verdes. Código: 3056.

9.4. Módulo Profesional: Comunicación e ciencias sociais I. Código: 3161.

9.5. Módulo Profesional: Ciencias aplicadas I. Código: 3163.

10. ORIENTACIONS PEDAGÓXICAS.

10.1. Módulo Profesional: Operacions básicas de producción e mantenemento de plantas en viveiros e centros de xardinaría. Código: 3053.

10.2. Módulo Profesional: Operacions básicas en instalación de xardines, parques e zoas verdes. Código: 3055.

10.3. Módulo Profesional: Operacions básicas para o mantenemento de xardins, parques e zonas verdes. Código: 3056.

10.4. Módulo Profesional: Comunicación e ciencias sociais I. Código: 3161.

10.5. Módulo Profesional: Ciencias aplicadas I. Código: 3163.

11. UNIDADES DE TRABALLO E TEMPORALIZACIÓN DAS MESMAS.

11.1. Módulos da área de formación específica

11.2. Módulos da área de formación básica.

12.METODOLOXÍA.

13. ORGANIZACIÓN E RECURSOS.

14.AVALIACIÓN.

15. ACCIÓN TITORIAL.

16. PROXECTOS E COLABORACIÓNS EXTERNAS.

17. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS.

18. CONCLUSIÓNS

19. BIBLIOGRAFÍA

Avda. Montecelo, 16 36161Pontevedra
Teléf.: 986 804 135 Ext. 41187/8
Fax: 986 861 413
www.edu.xunta.es/centros/ceepontevedra
cee.pontevedra@edu.xunta.es

1. INTRODUCCIÓN

A programación que se presenta a continuación corresponde ás áreas de formación específica e básica do Programa Formativo de Xardinaría e Viveirismo.

Nesta área vaise traballar na sensibilización e valoración das plantas como elemento integrante da vida das persoas; abordaranse os distintos elementos vexetais como parte do entorno no cal nos movemos. Tratarase tanto a xardinaría de interior como de exterior, desenvolvendo as técnicas e labores básicas necesarias para o perfecto cultivo e mantemento das especies.

As características individuais do alumnado que se integra no Programa Formativo obriga a facer adaptacións individualizadas nas áreas de aprendizaxe e na metodoloxía de traballo.

Os espacios onde se van a impartir estas ensinanzas serán fundamentalmente a aula taller, o invernadoiro e áreas axardinadas nas que poder aplicar os coñecementos adquiridos.

A programación está organizada de forma modular segundo se expón a continuación:

- 3053. Operacións básicas de produción e mantemento de plantas en viveiros e centros de xardinaría.
- 3055. Operacións básicas en instalación de xardíns, parques e zonas verdes.
- 3056. Operacións básicas para o mantemento de xardíns, parques e zonas verdes.
- 3163. Ciencias aplicadas I.
- 3161. Comunicación e ciencias sociais I.
- 3159. Itinerario persoal para a empregabilidade*

Distribución horaria dos módulos para os dous anos de duración do Programa:

Módulos específicos	**Horas totais**
MP3053. Operacións básicas de produción e mantemento de plantas en viveiros e centros de xardinaría.	160 h
MP3055. Operacións básicas en instalación de xardíns, parques e zonas verdes.	200 h
MP3056. Operacións básicas para o mantemento de xardíns, parques e zonas verdes.	220 h
AM3161. Comunicación e ciencias sociais I.	175
AM3163. Ciencias aplicadas I.	145
3159. Itinerario persoal para a empregabilidade*	30

* Só no segundo ano do programa e a partir do segundo trimestre

2. NORMATIVA APLICABLE.

Avda. Montecelo, 16 36161Pontevedra
Teléf.: 986 804 135 Ext. 41187/8
Fax: 986 861 413
www.edu.xunta.es/centros/ceepontevedra
cee.pontevedra@edu.xunta.es

- Resolución do 10 de xullo de 2024, da Dirección Xeral de Formación Profesional, pola que se ditan instrucións sobre a ordenación e a organización dos graos D e E de formación profesional para o curso 2024/25.
- Decreto 114/2010, do 1 de xullo, polo que se establece a ordenación xeral da formación profesional do sistema educativo de Galicia.
- Orde do 12 de xullo de 2011 pola que se regulan o desenvolvemento, a avaliación e a acreditación académica do alumnado das ensinanzas de formación profesional inicial.
- Real Decreto 1228/2006, de 27 de octubre, polo que se complementa o Catálogo nacional de calificacions profesionais, mediante o establecemento de determinadas cualificacions profesionais, así como os sues correspondentes módulos formativos que se incorporan ó Catálogo modular de formación profesional.
- Real Decreto 127/2014, de 28 de febrero, polo que se regulan aspectos específicos da Formación Profesional Básica das ensinanzas de formación profesional do sistema educativo, aprobanse catorce títulos profesionais básicos, fixanse os seus currículos básicos e modificase o Real Decreto 1850/2009, de 4 de decembro, sobre expedición de títulos académicos e profesionais correspondentes ás ensinanzas establecidas na Ley Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación.
- Ley Orgánica 8/2013, de 9 de diciembre, para a Mellora da Calidade Educativa.
- Orde ECD/1030/2014, do 11 de xuño, pola que se establecen as condicións de implantación da Formación Profesional Básica e o currículo de catorce ciclos formativos destas ensinanzas no ámbito de xestión do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte.
- DECRETO 107/2014, do 4 de setembro, polo que se regulan aspectos específicos da formación profesional básica das ensinanzas de formación profesional do sistema educativo en Galicia e se establecen vinte e un currículo de títulos profesionais básicos.
- Orde do 13 de xullo de 2015 pola que se regulan as ensinanzas de formación profesional básica na Comunidade Autónoma de Galicia, así como o acceso e a admisión nestas ensinanzas.
- Resolución do 4 de agosto de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de formación profesional do sistema educativo no curso 2020/21.
- Catálogo Nacional de Estándares de Competencias Profesionais (CNECP) descrito no Real Decreto 69/2025
- Lei Orgánica 03/2022, do 31 de marzo de ordenación e integración da Formación Profesional.
- Decreto 126/2023, do 20 de xullo, polo que se establece o currículo do ámbito de Comunicación e Ciencias Sociais e do ámbito de Ciencias Aplicadas dos ciclos formativos de grao básico de formación profesional na Comunidade Autónoma de Galicia.

Avda. Montecelo, 16 36161Pontevedra
Teléf.: 986 804 135 Ext. 41187/8
Fax: 986 861 413
www.edu.xunta.es/centros/ceepontevedra
cee.pontevedra@edu.xunta.es

- Real Decreto 69/2025, do 4 de febreiro, polo que se desenvolven os elementos integrantes e los instrumentos de xestión do Sistema Nacional de Formación Profesional, e se modifica o Real Decreto 375/1999, do 5 de marzo, polo que se crea o Instituto Nacional das Calificacións.
- Real Decreto 278/2023, do 11 de abril, polo que se establece o calendario de implantación do Sistema de Formación Profesional establecido pola Lei Orgánica 3/2022, do 31 de marzo, de ordenación e integración da Formación Profesional.
- Real Decreto 498/2024, do 21 de maio, polo que se modifican determinados reais decretos polos que se establecen títulos de Formación Profesional de grado básico e fíxanse as súas ensinanzas mínimas.
- Real Decreto 658/2024, do 9 de xullo, polo que se modifican o Real Decreto 132/2010, do 12 de febreiro, polo que se establecen os requisitos mínimos dos centros que impartan ensinanzas do segundo ciclo da educación infantil, a educación primaria e a educación secundaria, e o Real Decreto 659/2023, do 18 de xullo, polo que se desenvolven a ordenación do Sistema de Formación Profesional.
- RESOLUCIÓN do 1 de xullo de 2025, da Dirección Xeral de Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de formación profesional do sistema educativo no curso 2025/26.

3. ADAPTACIÓN DO PROGRAMA AO CONTEXTO SOCIO-LABORAL E CULTURAL DO ENTORNO E ÁS CARACTERÍSTICAS DO ALUMNADO.

3.1.- Características do centro e do seu contorno.

O Programa Formativo para alumnado con necesidades educativas especiais que se imparte neste centro corresponde ao perfil profesional de *Xardinaría e Viveirismo*, tendo en conta que o entorno onde está emprazado o centro ten unha importante demanda desta profesión, exercendo tanto en xardíns públicos como no coidado e mantemento de comunidades de propietarios.

Trátase dun centro de educación especial onde se imparten estudos de Primaria, Secundaria e tres Programas Formativos (PF de Servicios de Restauración, PF de Reprografía e PF de Xardinaría e Viveirismo).

O edificio posúe os requisitos necesarios para levar a cabo o proceso de ensinanza-aprendizaxe de forma adecuada.
O centro está tamén dotado dunha aula para o PF, salón de actos, patio, baños independentes para profesores/as e alumnado, etc. Ademais, hai habilitada unha zona de traballo onde se ubica o invernadoiro (de paredes rectas, tipo túnel), almacén de maquinaria e produtos varios, e zona axardinada.

Avda. Montecelo, 16 36161Pontevedra
Teléf.: 986 804 135 Ext. 41187/8
Fax: 986 861 413
www.edu.xunta.es/centros/ceepontevedra
cee.pontevedra@edu.xunta.es

3.2.- <u>Perfil do alumnado.</u>

Os niveis curriculares do alumnado asistente son de diferente índole, polo que se adecuarán as distintas unidades de traballo ás características do alumnado, partindo dunha programación referencial, e facendo as adaptacións curriculares que sexan precisas.

O alumnado pode ter de dezaséis a vinte e un anos. A clase para a cal se deseña esta programación está formada por un total de 7 alumnos no actual curso 25/26.

Por outra banda, hai que ter presente que as saídas profesionais deste Programa pasan, sobre todo, por ocupacións como peón de xardinaría, peón de viveiro, peón de centros de xardinaría e peón de campos deportivos.

4. COMPETENCIA XERAL DO PF.

A competencia xeneral deste título consiste na produción de planta en invernadoiros ou en centros de xardinaría, colaborando na preparación do terreo e na implantación e mantemento de xardíns, parques e zonas verdes, operando coa calidade indicada, observando as normas de prevención de riscos laborais e protección ambiental correspondentes e comunicándose de forma oral e escrita na lingua vehicular de cada alumno.

5. OBXECTIVOS DO PF.

Tendo en conta tanto as características psicolóxicas, intelectuais, sociolóxicas e a idade do alumnado así como o contexto onde se desenvolve o programa, os obxectivos que se intentan acadar son:

a) Recoñecer e identificar os protocolos establecidos sobre infraestruturas, instalacións, maquinaria e equipos, relacionándoos coas funcións que van desenvolver, para levar a cabo as operacións auxiliares de montaxe, mantemento, limpeza e desinfección.
b) Describir as técnicas de reprodución das especies vexetais recoñecendo os recursos e mecanismos aplicables co fin de realizar os traballos básicos para a multiplicación sexual do material vexetal.
c) Determinar as necesidades de conservación e mantemento de zonas axardinadas xustificando a selección das técnicas para realizar a limpeza e coidado destas.
d) Comprender os fenómenos que acontecen no ámbito natural mediante o coñecemento científico como un saber integrado, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar e resolver problemas básicos nos diversos campos do coñecemento e da experiencia.

Avda. Montecelo, 16 36161Pontevedra
Teléf.: 986 804 135 Ext. 41187/8
Fax: 986 861 413
www.edu.xunta.es/centros/ceepontevedra
cee.pontevedra@edu.xunta.es

e) Desenvolver habilidades para formular, formular, interpretar e resolver problemas aplicar o razoamento de cálculo matemático para desenvolverse na sociedade, no ámbito laboral e xestionar os seus recursos económicos.
f) Identificar e comprender os aspectos básicos de funcionamento do corpo humano e poñelos en relación coa saúde individual e colectiva e valorar a hixiene e a saúde para permitir o desenvolvemento e afianzamento de hábitos saudables de vida en función do ámbito no que se encontra.
g) Desenvolver hábitos e valores acordes coa conservación e sostibilidade do patrimonio natural, comprendendo a interacción entre os seres vivos e o medio natural para valorar as consecuencias que se derivan da acción humana sobre o equilibrio ambiental.
h) Desenvolver as destrezas básicas das fontes de información utilizando con sentido crítico as tecnoloxías da información e da comunicación para obter e comunicar información no ámbito persoal, social ou profesional.
i) Recoñecer características básicas de producións culturais e artísticas, aplicando técnicas análise básica dos seus elementos para actuar con respecto e sensibilidade cara á diversidade cultural, o patrimonio histórico-artístico e as manifestacións culturais e artísticas.
j) Desenvolver e afianzar habilidades e destrezas lingüísticas e alcanzar o nivel de precisión, claridade e fluidez requiridas, utilizando os coñecementos sobre a lingua castelá e, no seu caso, a lingua cooficial para comunicarse no seu ámbito social, na súa vida cotiá e na actividade laboral.
k) Recoñecer causas e trazos propios de fenómenos e acontecementos contemporáneos, evolución histórica, distribución xeográfica para explicar as características propias das sociedades contemporáneas.
l) Desenvolver valores e hábitos de comportamento baseados en principios democráticos, aplicándoos nas súas relacións sociais habituais e na resolución pacífica dos conflitos.
m) Comparar e seleccionar recursos e ofertas formativas existentes para a aprendizaxe ao longo da vida para adaptarse ás novas situacións laborais e persoais.
n) Desenvolver a iniciativa, a creatividade e o espírito emprendedor, así como a confianza en si mesmo, a participación e o espírito crítico para resolver situacións e incidencias tanto da actividade profesional coma da persoal.
o) Desenvolver traballos en equipo, asumindo os seus deberes, respectando os demais e cooperando con eles, actuando con tolerancia e respecto aos demais para a realización eficaz das tarefas e como medio de desenvolvemento persoal.
p) Utilizar as tecnoloxías da información e da comunicación para informarse, comunicarse, aprender e facilitarse as tarefas laborais.
q) Relacionar os riscos laborais e ambientais coa actividade laboral copropósito de utilizar as medidas preventivas correspondentes para a protección persoal, evitando danos ás demais persoas e no medio.

Avda. Montecelo, 16 36161Pontevedra
Teléf.: 986 804 135 Ext. 41187/8
Fax: 986 861 413
www.edu.xunta.es/centros/ceepontevedra
cee.pontevedra@edu.xunta.es

r) Desenvolver as técnicas da súa actividade profesional asegurando a eficacia e a calidade no seu traballo, propoñendo, se procede, melloras nas actividades de traballo.
s) Recoñecer os seus dereitos e deberes como axente activo na sociedade, tendo en conta o marco legal que regula as condicións sociais e laborais para participar como cidadán democrático.

6. COMPETENCIAS PROFESIONAIS, PERSOAIS E SOCIAIS DO PF

As competencias profesionais, persoais, sociais e as competencias para a aprendizaxe permanente que se seleccionaron para a obtención das unidades de competencia pertencentes á cualificación profesional de **Actividades auxiliares en viveiros, xardíns e centros de xardinaría AGA164_1**, son as que se relacionan a continuación segundo o Catálogo Nacional de Estándares de Competencias Profesionais (CNECP) descrito no Real Decreto 69/2025:

- ECP0520_1 Realizar operaciones auxiliares para la producción y mantenimiento de plantas en viveros y centros de jardinería
- ECP0521_1 Realizar operaciones auxiliares para la instalación de jardines, parques y zonas verdes
- ECP0522_1 Realizar operaciones auxliliares para el mantenimiento de jardines, parques y zonas verdes.

7. CUALIFICACIÓN PROFESIONAL E UNIDADES DE COMPETENCIA

Actividades auxiliares en viveiros, xardíns e centros de xardinaría AGA164_1 (Real Decreto 127/2014), que comprende as seguintes unidades de competencia:

UC0520_1: Realizar operacións auxiliares para a produción e mantemento de plantas en viveiros e centros de xardinaría.

UC0521_1: Realizar operacións auxiliares para a instalación de xardíns, parques e zonas verdes.

UC0522_1: Realizar operacións auxiliares para o mantemento de xardíns, parques e zonas verdes.

8. RESULTADOS DE APRENDIZAXE E CRITERIOS DE AVALIACIÓN DE CADA UN DOS MÓDULOS SELECCIONADOS PARA A CUALIFICACIÓN PROFESIONAL.

8.1.Módulo Profesional: Operacións básicas de produción e mantemento de plantas en viveiros e centros de xardinaría. Código: 3053. 160 h (140 + 20 h prácticas en empresa).

Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación.

Avda. Montecelo, 16 36161Pontevedra
Teléf.: 986 804 135 Ext. 41187/8
Fax: 986 861 413
www.edu.xunta.es/centros/ceepontevedra
cee.pontevedra@edu.xunta.es

1. Prepara o terreo dun viveiro, relacionando o tipo de emenda e aboamentos coas características do chan.

Criterios de avaliación:

a) Describíronse as infraestruturas que constitúen un viveiro.

b) Distinguíronse os distintos tipos de chan segundo a súa textura.

c) Describíronse os labores de preparación do terreo segundo o obxectivo establecido.

d) Describíronse os sistemas de roza e limpeza axeitados a cada caso.

e) Incorporáronse as emendas orgánicas e minerais ao terreo de xeito uniforme.

f) Aboouse o terreo, tendo en conta as normas de seguridade na utilización de aboamentos.

f) Describíronse os diferentes tipos de substratos que se poden utilizar en produción de plantas.

h) Mesturáronse os distintos compoñentes dos substratos de forma homoxénea e nas proporcións establecidas.

i) Achegouse a auga necesaria para manter o substrato cun nivel axeitado de humidade.

j) Limpáronse e ordenado as ferramentas e máquinas utilizadas e mantéñense en perfecto estado de conservación.

2. Instala infraestruturas básicas de protección de cultivos e de rego, xustificando a súa situación.

Criterios de avaliación:

a) Identificáronse os diferentes sistemas de protección de cultivos.

b) Citáronse os sistemas de rego utilizados en produción de plantas.

c) Enumeráronse os elementos dos sistemas de rego máis frecuentes.

d) Realizáronse os buratos e gabias necesarios para a instalación de infraestruturas de protección de cultivos e rego.

e) Abríronse os buratos garantindo as dimensións establecidas.

f) Identificáronse as causas máis frecuentes de accidentes na manipulación de materiais, ferramentas, máquinas e equipos empregados.

Avda. Montecelo, 16 36161Pontevedra
Teléf.: 986 804 135 Ext. 41187/8
Fax: 986 861 413
www.edu.xunta.es/centros/ceepontevedra
cee.pontevedra@edu.xunta.es

g) Limpáronse e ordenado as ferramentas e máquinas utilizadas, manténdoas en perfecto estado de conservación

h) Aplicáronse as normas de prevención de riscos laborais e ambientais relacionadas.

i) Empregáronse os equipos de protección individual.

3. Produce plantas, describindo e aplicando as técnicas de propagación.

Criterios de avaliación:

a) Identificáronse as técnicas de propagación vexetativa e sexual tipo.

b) Explicáronse as técnicas de conservación do material vexetal.

c) Realizouse a preparación das mesas de propagación e xerminación, viveiros, bancais e colectores.

d) Distribuíuse a semente uniformemente e á profundidade indicada, realizando o primeiro rego despois da implantación do material.

e) Realizáronse repicados garantindo a viabilidade das plantas.

f) Realizáronse rareos en viveiro asegurando o desenvolvemento das plántulas.

g) Realizáronse "entitorados" utilizando a técnica e medios axeitados.

h) Controláronse as condicións ambientais en zonas de cultivo.

4. Prepara para a súa comercialización as plantas, recoñecendo as técnicas de acondicionamento do sistema radicular e aéreo de plantas.

Criterios de avaliación:

a) Describíronse as técnicas de arrancado da planta.

b) Explicáronse as técnicas de "aviveirado" da planta.

c) Definíronse as técnicas de acondicionamento do sistema radicular e aéreo de plantas.

d) Limpáronse de follas secas, flores murchas, malas herbas e sucidade as plantas para a súa presentación

e) Limpáronse, ordenado ou mantido as ferramentas en perfecto estado de conservación.

f) Aplicáronse as medidas relacionadas coa normativa ambiental.

Avda. Montecelo, 16 36161Pontevedra
Teléf.: 986 804 135 Ext. 41187/8
Fax: 986 861 413
www.edu.xunta.es/centros/ceepontevedra
cee.pontevedra@edu.xunta.es

8.2 Módulo Profesional: Operacións básicas en instalación de xardíns, parques e zonas verdes. Código: 3055. 200 h (140 + 60 h de prácticas en empresa).

Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación.

1. Reformula proxectos sobre o terreo, relacionándoos cos diferentes estilos de xardíns e parques.

Criterios de avaliación:

a) Localizáronse sobre o terreo os elementos do xardín, parque ou zona verde segundo esbozo.

b) Realizáronse os labores de preparación do terreo, empregando as emendas e substratos acorde ás características do terreo.

2. Constrúe pequenas infraestruturas, xustificando a súa situación e aplicacións.

Criterios de avaliación:

a) Describíronse as diferentes instalacións e infraestruturas posibles do xardín.

b) Identificáronse os compoñentes dos sistemas de rego e drenaxe e explicouse o seu funcionamento

c) Analizáronse os materiais de construción empregados nas diferentes infraestruturas.

d) Instalouse o mobiliario e equipamento dun xardín, seguindo a normativa vixente requirida en materia de seguridade e hixiene.

e) Abríronse os buratos e gabias coas dimensións necesarias para cada tipo de instalación.

f) Aplicáronse as medidas de prevención de riscos laborais e normativa ambiental.

3. Planta especies vexetais en parques ou xardins, recoñecendo as características das diferentes especies

Criterios de avaliación:

a) Recoñecéronse os órganos fundamentais dos vexetais e a súa función.
b) Identificáronse as principais especies de plantas utilizadas na xardinaría da zona.
c) Describíronse as operacións necesarias para o acondicionamento de plantas antes da plantación.
d) Manexáronse a maquinaria e ferramentas adecuadas na plantación de árbores, arbustos e outras especies vexetais.
e) Colocáronse as plantas achegando aboamentos e emendas e entutorando.
f) Aplicáronse as normas de seguridade no desenvolvemento dos traballos.

Avda. Montecelo, 16 36161Pontevedra
Teléf.: 986 804 135 Ext. 41187/8
Fax: 986 861 413
www.edu.xunta.es/centros/ceepontevedra
cee.pontevedra@edu.xunta.es

g) Minimizouse o impacto ambiental durante a plantación de especies vexetais.

4. Implanta céspedes, relacionando o tipo de céspede coas súas aplicacións.

Criterios de avaliación:

a) Describíronse as técnicas de sementeira ou implantación de céspedes.

b) Preparáronse as ferramentas e útiles empregados na sementeira ou implantación de céspedes.

c) Distribuíuse a semente uniformemente, coa dose e mestura indicada, aplicando o cobre-semente.

d) Compactouse o terreo e aplicar o primeiro rego para asegurar a "nascencia".

e) Aplicáronse as medidas de prevención de riscos laborais e a normativa ambiental.

8.3. Módulo Profesional: Operacións básicas para o mantemento de xardíns, parques e zonas verdes. Código: 3056. 220 h (140 + 80 h de prácticas en empresa).

Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación.

1. Rega xardíns, parques e zonas verdes, identificando as súas necesidades hídricas.

Criterios de avaliación:

a) Describíronse os sistemas de rego utilizados en xardinaría.

b) Identificouse o bo funcionamento do sistema de rego.

c) Explicouse o accionamento de mecanismos sinxelos do sistema de rego.

d) Aplicáronse as normas de seguridade e prevención de riscos laborais.

e) Minimizouse o consumo de auga.

2. Aboa xardíns, parques e zonas verdes, relacionando os tipos de aboamentos e emendas co desenvolvemento vexetal.

Criterios de avaliación:

a) Describíronse os diferentes tipos de emendas e aboamentos e o seu método de aplicación.

b) Distinguiuse o xeito de aplicar manual e homoxeneamente o aboamento na dose e momento indicado.

Avda. Montecelo, 16 36161Pontevedra
Teléf.: 986 804 135 Ext. 41187/8
Fax: 986 861 413
www.edu.xunta.es/centros/ceepontevedra
cee.pontevedra@edu.xunta.es

c) Realizáronse os labores de mantemento básico das ferramentas, equipos, maquinaria e instalacións para aboar os cultivos.

d) Executáronse os procedementos e técnicas de forma ordenada, con pulcritude, precisión e seguridade.

e) Tivéronse en conta as normas de seguridade no manexo e utilización de aboamentos.

f) Teñen empregado os equipos de protección individual.

3. Conserva os elementos vexetais de xardíns, parques e zonas verdes, recoñecendo e aplicando labores culturais rutineiros.

Criterios de avaliación:

a) Describíronse os labores de mantemento e mellora dun xardín, parque ou zona verde.

b) Realizáronse operacións básicas de poda dos elementos vexetais.

c) Identificaronse as medidas de prevención de riscos laborais e ambientais.

d) Determinouse o momento da realización dos labores de mantemento de chans e cultivos.

e) Xustificáronse as labores de mantemento como medio de aumento da calidade de parques, xardíns e zonas verdes.

f) Realizáronse os labores de limpeza e mantemento básico de equipos e ferramentas.

4. Mantén infraestruturas, equipamentos e mobiliario de xardíns, parques e zonas verdes, describindo as súas características.

Criterios de avaliación:

a) Describíronse as operacións de mantemento de infraestruturas, equipamento e mobiliario dun xardín, parque ou zona verde en función da súa finalidade.

b) Identificáronse as medidas de prevención de riscos laborais e ambientais.

c) Preparouse a maquinaria, ferramentas e útiles de traballo.

d) Utilizáronse os equipos de protección axeitados.

e) Recoñecéronse as vantaxes do mantemento fronte á reparación.

Avda. Montecelo, 16 36161Pontevedra
Teléf.: 986 804 135 Ext. 41187/8
Fax: 986 861 413
www.edu.xunta.es/centros/ceepontevedra
cee.pontevedra@edu.xunta.es

8.4. Módulo profesional: Itinerario persoal para a empregabilidade. Código:3159.

Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación

1. Desenvolve actividades de autocoñecemento que lle permiten orientarse a campos profesionais motivadores nos que pode desplegar todas as súas capacidades

   criterios de avaliación:

   a) Evalúase os propios intereses, motivacións, habilidades e destrezas no marco dun proceso de autocoñecemento.
   b) Determínanse as competencias personais e sociais con valor para o emprego.
   c) Valórase o concepto de autoestima no proceso de búsqueda de emprego.
   d) Identifícanse as fortalezas, debilidades, ameazas e oportunidades propias para a inserción profesional, así como as estratexias para sacarlles o maior aproveitamento.
   e) Identifícanse expectativas de futuro para a inserción profesional analizando competencias, intereses e destrezas persoais.

2. Desenvolve habilidades sociais concretas que se demostran como fundamentais á hora de encontrar un emprego e mantelo

   criterios de avaliación:

   a) Valórase la importancia das competencias personais e sociais na empregabilidade.
   b) Aplícanse estratexias para canalizar as emocións de xeito asertivo nas relacións con outras persoas, diferenciándoas de condutas agresivas e/ou pasivas.
   c) Póñense en práctica técnicas de presentación, orais e escritas, para unha comunicación efectiva e afectiva valorando a súa importancia como recurso persoal para a empregabilidade.
   d) Identifícanse os beneficios do traballo en equipo, así como os diferentes xeitos de levalo a cabo.
   e) Reaccionase de xeito flexible e positiva ante conflitos e situacións novas, aproveitando as oportunidades e xestionando as dificultades facendo uso de estratexias relacionadas coa intelixencia emocional.

3. Accede á información dos posibles itinerarios académicos e/ou profesionais que ten ó seu alcance a través da investigación e a reflexión libre de estereotipos vocacionais

Criterios de avaliación:

a) Determínase a realidade do entorno sociolaboral actual.

Avda. Montecelo, 16 36161Pontevedra
Teléf.: 986 804 135 Ext. 41187/8
Fax: 986 861 413
www.edu.xunta.es/centros/ceepontevedra
cee.pontevedra@edu.xunta.es

b) Identifícanse os itinerarios académicos e profesionais afíns ós seus intereses e valóranse as opcións que mellor se axustan ós seus perfís profesionais e as súas preferencias

8.5. Prácticas en empresa

Segundo recolle a Lei Orgánica 03/2022 de ordenación e integración da Formación Profesional, ás prácticas en empresa denominadas FCT, xa non constitúen un módulo profesional senón que pasan a ser integradas nos módulos técnicos específicos da titulación.

A continuación móstranse os subcriterios de avaliación e os subresultados da aprendizaxe obtidos a partir dos módulos de Xardinaría e Viveirismo, os cales se recollen no Real Decreto 127/2014 (Anexo VII).

Módulos asociados:

- Operacións básicas de produción e mantemento de plantas en viveiros e centros de xardinaría. Código: 3053.
- Operacións básicas en instalación de xardíns, parques e zonas verdes. Código: 3055.
- Operacións básicas para o mantemento de xardíns, parques e zonas verdes. Código: 3056.

Duración: 160 horas.

Ámbito profesional: empresas de xardinería, viveiros e similares, servizos de parques e xardins de concellos e deputacións así como outras institucións.

Instrumentos de avaliación:

- Rúbrica de observación directa (titor de empresa).
- Lista de verificación de tareas (*checklist*).
- Diario de prácticas (rexistro semanal do alumno/a).
- Informe do titor de empresa (valoración cualitativa).

Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación:

1. Rega, aboa e aplica tratamentos fitosanitarios en cultivos, parques, xardíns e zonas verdes, preparando e operando os equipos de acordo cos procedementos establecidos.

Criterios de avaliación:

a) Regouse de forma uniforme e coa cantidade de auga necesaria, manexando os mecanismos do rego automático.

b) Aplicáronse os aboamentos homoxeneamente na dose e momento indicado.

c) Realizáronse as operacións de mestura, preparación e aplicación de produtos fitosanitarios na forma e proporción establecidas.

d) Verificouse a efectividade dos tratamentos fitosanitarios.

Avda. Montecelo, 16 36161Pontevedra
Teléf.: 986 804 135 Ext. 41187/8
Fax: 986 861 413
www.edu.xunta.es/centros/ceepontevedra
cee.pontevedra@edu.xunta.es

e) Realizouse a operación de entutorado en función do cultivo de que se trate.

f) Realizouse a operación de poda do cultivo e das especies asignadas.

g) Realizáronse os labores de recolección en función do cultivo de que se trate, evitando danar o produto recollido.

h) Realizáronse os labores de mantemento de céspedes e pradaría

i) Operáronse as máquinas de forma ordenada, con pulcritude, precisión e seguridade, aplicando os procedementos e técnicas axeitados.

2. Efectúa as operacións de produción e mantemento de plantas, preparando e manexando os equipos establecidos.

Criterios de avaliación:

a) Comprendéronse as instrucións para a execución do proceso de preparación do terreo, plantación e sementeira de especies vexetais, e realízaas na orde establecida

b) Realizáronse as operacións necesarias para a correcta limpeza e preparación dos equipos e útiles

c) Executáronse as operacións de preparación do terreo, tales como a roza, limpeza, subscritor e emendas, operando os equipos de forma destra.

d) Mesturáronse os distintos compoñentes dos substratos de forma homoxénea e nas proporcións establecidas.

e) Sementáronse, plantado ou transplantado distintos tipos de materiais vexetais, asegurando a correcta implantación da semente ou plantóns.

f) Distribuíuse a semente uniformemente e á profundidade indicouna, realizando o primeiro rego despois da implantación do material.

g) Realizáronse repicados garantindo a viabilidade das plantas.

h) Realizáronse rareos en viveiro asegurando o desenvolvemento das plántulas.

i) Realizáronse "entutorados" utilizando a técnica e medios axeitados.

j) Conseguiuse un rendemento axeitado, tanto en calidade coma en tempo.

3. Actúa conforme ás normas de prevención de riscos, seguridade alimentaria e ambiental.

Avda. Montecelo, 16 36161Pontevedra
Teléf.: 986 804 135 Ext. 41187/8
Fax: 986 861 413
www.edu.xunta.es/centros/ceepontevedra
cee.pontevedra@edu.xunta.es

Criterios de avaliación:

a) Cumpriuse en todo momento a normativa xeral sobre prevención e seguridade, así como as establecidas pola empresa.

b) Identificáronse os factores e situacións de risco que se presentan no seu ámbito de actuación no centro de traballo.

c) Adoptáronse actitudes relacionadas coa actividade para minimizar os riscos laborais e ambientais.

d) Empregouse o equipo de protección individual (EPIs) establecido para as distintas operacións.

e) Utilizáronse os dispositivos de protección das máquinas, equipos e instalacións nas distintas actividades.

f) Actuouse segundo o plan de prevención.

g) Mantívose a zona de traballo libre de riscos, con orde e limpeza.

h) Traballouse minimizando o consumo de enerxía e a xeración de residuos.

4. Actúa de forma responsable e intégrase no sistema de relacións técnico-sociais da empresa.

Criterios de avaliación:

a) Executáronse con dilixencia as instrucións que recibe.

b) Responsabilizouse do traballo que desenvolve, comunicándose eficazmente coa persoa adecuada en cada momento.

c) Cumpriuse cos requirimentos e normas técnicas, demostrando un bo facer profesional e finalizando o seu traballo nun tempo límite razoable.

d) Mostrouse en todo momento unha actitude de respecto cara aos procedementos e normas establecidos.

e) Organizouse o traballo que realiza de acordo coas instrucións e procedementos establecidos, cumprindo as tarefas en orde de prioridade e actuando baixo criterios de seguridade e calidade nas intervencións.

f) Coordinouse a actividade que desempeña co resto do persoal, informando de calquera cambio, necesidade relevante ou continxencia non prevista.

g) Incorporouse puntualmente ao posto de traballo, gozando dos descansos instituídos e non abandonando o centro de traballo antes do establecido sen motivos debidamente xustificados.

Avda. Montecelo, 16 36161Pontevedra
Teléf.: 986 804 135 Ext. 41187/8
Fax: 986 861 413
www.edu.xunta.es/centros/ceepontevedra
cee.pontevedra@edu.xunta.es

8.6. Módulo Profesional: COMUNICACIÓN E CIENCIAS SOCIAIS. Código: 3161.

BLOQUE 1: CIENCIAS SOCIAIS

Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación.

1. Identifica, comprende e procura información sobre as causas e as consecuencias dos procesos históricos e a súa permanencia no tempo, así como as características do espazo xeográfico, os seus elementos e as súas interrelacións, recoñecendo o valor dos bens patrimoniais e culturais, o grao de sustentabilidade da contorna e a necesidade de protexelos e de conservalos.

Criterios de avaliación:

a) Analizouse e interpretouse a contorna nos seus aspectos xerais e locais desde unha perspectiva sistémica e integradora, a través de conceptos e procedementos xeográficos, identificando os seus principais elementos e as interrelacións existentes, e valorando o grao de sustentabilidade e equilibrio dos espazos a partir de actitudes de defensa, protección, conservación e mellora da contorna (natural, rural e urbana).
b) Relacionáronse as culturas e as civilizacións que se desenvolveron ao longo da historia desde a prehistoria á Idade Moderna nun contexto xeral e próximo, e reflexionouse sobre os múltiples significados que adoptan e as súas finalidades, explicando e valorando a realidade multicultural que se xerou ao longo do tempo, e analizando as situacións e os problemas do presente.
c) Valorouse a protección e conservación do patrimonio artístico, histórico, natural e cultural como fundamento da nosa identidade colectiva, considerándoo un ben recreativo e cultural e un recurso para o desenvolvemento dos pobos, apreciando o legado histórico, institucional, artístico e cultural en Europa, España e Galicia como patrimonio común, e realizáronse propostas que contribúan á súa conservación e a un desenvolvemento ecosocial sustentable.
d) Interpretouse a realidade europea, española e galega actual desde a perspectiva do desenvolvemento sustentable e a cidadanía global, recoñecendo a importancia de implicarse na procura de solucións e no modo de concretalas desde a propia capacidade de acción, e valorando a contribución de programas e misións dirixidos polos estados, os organismos internacionais e as asociacións civís para o logro da paz, a seguridade integral, a convivencia social e a cooperación entre os pobos.
e) Recoñecéronse e explicáronse os mecanismos que regularon a convivencia e a vida en común ao longo da historia, desde a orixe da sociedade ata a Idade Moderna, sinalando os principais modelos de organización social e política que se foron xestando, e valorando a contribución das mulleres na historia.
f) Adecuouse o comportamento propio ao cumprimento dos principios, valores, dereitos e deberes democráticos e constitucionais, identificando os motivos e os argumentos que sustentan a súa

Avda. Montecelo, 16 36161Pontevedra
Teléf.: 986 804 135 Ext. 41187/8
Fax: 986 861 413
www.edu.xunta.es/centros/ceepontevedra
cee.pontevedra@edu.xunta.es

validez e rexeitando calquera tipo de discriminación, especialmente a que se dá por motivos socioeconómicos, de xénero, de orientación sexual ou de pertenza a minorías etnoculturais.

g) Aplicáronse estratexias tanto analóxicas como dixitais de procura, selección e organización de información, avaliando a súa fiabilidade e a súa pertinencia en función do obxectivo perseguido e evitando os riscos de manipulación e desinformación.
h) Elaboráronse contidos propios a partir de diferentes fontes de maneira progresivamente autónoma, procurando e seleccionando a información máis adecuada, adoptando un punto de vista crítico e respectuoso cos principios de propiedade intelectual e citando as fontes consultadas.
i) Realizáronse exposicións orais con diferente grao de planificación sobre temas de interese persoal, ecosocial, educativo e profesional, axustándose ás convencións propias dos diversos xéneros discursivos, con fluidez, coherencia e o rexistro adecuado, en diferentes soportes e utilizando de xeito eficaz recursos verbais e non verbais.

BLOQUE 2: COMUNICACIÓN EN LINGUA CASTELÁ E EN LINGUA GALEGA

Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación.

2. Utiliza estratexias comunicativas para interpretar e comunicar información oral e escrita en linguas galega e castelá, e para interpretar textos literarios anteriores ao século XIX nas dúas linguas, xerando criterios estéticos para a construción do gusto persoal e aplicando os principios da escoita activa, estratexias sinxelas de composición, as normas lingüísticas básicas e estratexias de análise, síntese e clasificación, de xeito estruturado e progresivo.

Criterios de avaliación:

a) Localizouse e organizouse información obtida a partir de diversas fontes, avaliando a súa fiabilidade e a súa pertinencia en función do obxectivo e das necesidades propostas.
b) Aplicáronse estratexias tanto analóxicas como dixitais de procura e de selección de información, evitando os riscos de manipulación e de desinformación
c) Aplicáronse estratexias tanto analóxicas como dixitais de procura e de selección de información, evitando os riscos de manipulación e de desinformación.
d) Comprendeuse e interpretouse o sentido global, a estrutura, a información máis relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos, avaliando a súa calidade, a súa fiabilidade e a idoneidade da canle utilizada.
e) Realizáronse exposicións orais con diferente grao de planificación sobre temas de interese persoal, ecosocial, educativo e profesional axustándose ás convencións propias dos diversos

Avda. Montecelo, 16 36161Pontevedra
Teléf.: 986 804 135 Ext. 41187/8
Fax: 986 861 413
www.edu.xunta.es/centros/ceepontevedra
cee.pontevedra@edu.xunta.es

xéneros discursivos, con fluidez, coherencia e o rexistro axeitado, en diferentes soportes e utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais.

f) Planificouse a redacción de textos escritos e multimodais atendendo á situación comunicativa, ao destinatario, ao propósito e á canle; redactáronse e revisáronse borradores, e presentouse un texto final coherente, cohesionado e co rexistro axeitado, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.
g) Participouse de xeito activo e adecuado en interaccións orais informais, no traballo en equipo e en situacións orais formais de carácter dialogado, con actitudes de escoita activa e estratexias de cooperación conversacional e cortesía lingüística.
h) Léronse de xeito autónomo textos seleccionados en función dos propios gustos, dos intereses e das necesidades, deixando constancia do progreso do propio itinerario de lectura e cultural, e explicáronse os criterios de selección das lecturas.
i) Actuouse de forma empática e respectuosa en situacións interculturais, construíndo vínculos entre as linguas e as culturas, rexeitando calquera tipo de discriminación, prexuízo e estereotipo en contextos comunicativos cotiáns dos ámbitos profesional e persoal.
j) Aceptouse e valorouse a diversidade lingüística e cultural como fonte de enriquecemento persoal, amosando interese e identificando elementos culturais e lingüísticos que fomenten o respecto, a sustentabilidade e a democracia.

8.7. Módulo Profesional: CIENCIAS APLICADAS I. Código: 3163.

Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación

BC1. DESTREZAS CIENTÍFICAS BÁSICAS

1. Caracteriza as fases do método científico, valorando a importancia da investigación e o traballo colaborativo para os avances sociais.

Criterios de avaliación:

a) Expuxéronse preguntas e hipóteses que poidan ser respondidas ou contrastadas utilizando o método científico, a observación, a información e o razoamento, explicando fenómenos naturais e realizando predicións sobre eles.
b) Deseñáronse e realizáronse experimentos e obtivéronse datos cuantitativos e cualitativos sobre fenómenos naturais no medio natural e no laboratorio utilizando os instrumentos, as ferramentas ou as técnicas adecuadas con corrección, para obter resultados claros que respondan a cuestións concretas ou que contrasten a veracidade dunha hipótese.

Avda. Montecelo, 16 36161Pontevedra
Teléf.: 986 804 135 Ext. 41187/8
Fax: 986 861 413
www.edu.xunta.es/centros/ceepontevedra
cee.pontevedra@edu.xunta.es

c) Interpretáronse os resultados obtidos en proxectos de investigación utilizando o razoamento e, cando sexa necesario, ferramentas matemáticas e tecnolóxicas.
d) Organizouse e comunicouse información científica e matemática de xeito claro e rigoroso e de maneira verbal, gráfica, numérica, etc., utilizando o formato máis adecuado.
e) Empregáronse e citáronse de forma adecuada fontes fiables seleccionando a información científica relevante na consulta e na creación de contidos, e mellorando a aprendizaxe propia e colectiva.
